

XXX MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS.
Galizia, Spagna.

VISTI DALL'ALTO

Partitura per due attori e una macchina fotografica
Vocabolomacchia Teatro, con Rossella Viti e Roberto Giannini.

IT

“Un cabaré triste e filosofico”

Nonostante lo spettacolo si svolge in lingua italiana, il pubblico ha premiato l'originalità.

di Manuel Xestoso*, FARO DE VIGO
5 luglio 2013

Gli spettatori entrano in piccoli gruppi che vengono fotografati dalla coppia di attori, vestiti come in un varietà di artisti del XIX secolo. È una vecchia strategia già praticata dai dadaisti: vestono le forme d'arte con l'abbigliamento del passato. Lo spettatore si trova così in un territorio inesplorato che riporta alla mente i vecchi tendoni da circo dove alla magia si alterna l'esibizione di esseri mostruosi e il music-hall. C'è qualcosa di tutto questo in questo delicato spettacolo. L'immagine, la fotografia, è al centro di una riflessione che si disegna tra le immagini.

Si racconta, ad esempio, la storia di August Sander, le cui fotografie furono bruciate dai nazisti perché le figure ritratte in loro non erano adatte all'ideale della razza ariana. O la foto di Sam Nzima ad un ragazzo di 12 anni ucciso dalla polizia sudafricana durante la rivolta di Soweto. Storie che mostrano il potenziale della testimonianza storica che ha l'arte della fotografia.

Ma si tiene anche un concorso in cui gli spettatori devono indovinare cosa rappresentano altre immagini di contenuto più ambiguo e dove si mostra che il fotografo può manipolare la realtà. "È quello che vi vuole mostrare il fotografo", avvertono.

Questa doppiezza dell'immagine è assimilata al simbolo del viaggiatore, lui che nel percorso diviene allo stesso tempo parte del paesaggio e capace di metterlo in ordine con il suo sguardo. Si riferiscono anche le teorie dell'antropologia culturale moderna che sostengono che non c'è vera conoscenza senza viaggio. Un'ipotesi vecchia, d'altra parte, come Omero.

Sembra rischioso mettere tutte queste idee in uno spettacolo teatrale, ma gli artisti di Vocabolomacchia riescono a creare un ambiente poetico che permette di passeggiare comodamente tra i concetti complessi che si presentano quando finisce lo spettacolo. Utilizzando elementi semplici come proiezioni di diapositive, i contrasti di luce e buio o passi di danza balbettanti sul sottofondo musicale di una fisarmonica, riescono a stabilire un tono lirico che consente loro di lanciare questioni di grande trascendenza senza perdere il senso del gioco, il sorriso ironico e quasi innocente.

È in gran parte questa evocazione del cabaret triste che permette l'immersione nelle profondità della natura umana, senza cadere nel pedante o nell'accademico. Il lavoro recupera così, rinnovandoli, molti dei valori allo stesso tempo critici e sentimentali che aveva quel vecchio genere teatrale.

Nonostante la complessità del contenuto e che lo spettacolo si svolge interamente in italiano, la maggior parte del pubblico del Festival è rimasto attento e, alla fine, ha premiato con una grande ovazione l'originalità e il grande lavoro degli artisti.

(*) Santa Cruz de Tenerife, 1966 Eeditor, xornalista e critico na Rever ta Galega de Teatro.

ES

Un cabaré triste e filosòfico

Maila que o espectáculo se desenvolve en italiano, o público premiou a orixinalidade.

di Manuel Xestoso*, FARO DE VIGO

Os espectadores van entrando en pequenos grupos que son fotografados por parella protagonista. Tanto el coma ela visten coma os artistas de variedades do século XIX.

E' una estratexia antiga que xa practicaban os dadaistas: vestir as formas de vangarda coas roupaxes do pasado. O espectador sitúase así nun territorio desconecido que trae a memoria os vellos circos de barraca onde alternaban a maxia, a exhibición de seres monstruosos e o music-hall.

Algo de todo iso hai neste delicado espectáculo. A imaxe, a fotografía, é o centro dunha reflexión que se vai debullando en cadros. Contase, por exemplo, a historia de August Sander, cuxas fotografías foron queimadas polos nazis porque as figuras retratadas nelas non se adecuaban ao ideal da raza aria. Ou a da foto de Sam Nzima lle fixo a un neno de 12 anos asasinados pola policía sudafricana durante o levantamento de Soweto. Relatos que amosan o potencial de testemuña de Historia que ten esta arte. Mais tamén se celebra un concurso en que os espectadores deben adivinar o que representan outras fotos de contido máis ambiguo e que demostran que o fotógrafo pode manipular a realidade. “Es o que o fotógrafo quere que sexas”, advirten.

Esta duplicidade da imaxe asimilase ao símbolo do viaxeiro, que ao percorrer o seu camino, convertese ao mesmo tempo en parte da paisaxe e na instancia que a ordena coa súa mirada. Aluden así as modernas teorías da antropoloxía cultural que sosteen que non existe verdadeiro coñecemento sen viaxe. Unha hipótese tan vella, por outra banda, coma Homero.

Parece arriscado introducir todas estas ideas nunha función teatral mais a compañía italiana Vocabolomacchia logra crear un ambiente poético que permite pasear comodamente polos complexos conceptos que xorden ao fio destas especulacións. Utilizando elementos tan sinxelos como as proxeccións de diapositivas, os contrastes de luz e escuridade ou uns balbucientes pasos de baile co fondo musical dun acordeón, acertan a instaurar un ton lírico que lles permite lanzar cuestións de gran transcendencia sen perder o sentido do xogo, o sorriso humorístico e case inocente.

Debese, en gran medida, a esa evocación do cabaré triste, que permite o mergullamento nas profundidades de natureza humana sen caer na pedantería ni no academicismo. A obra recupera así, renovándolos, moitos dos valores a un tempo críticos e sentimentais que tina ese vello xénero teatral.

Só hai que obxectar que, nunha montaxe tan coidada, as fotografías que se toman durante a representación, e que ao final se proxectan, teñían unha calidade tan mediocre. E non se trata de esteticismo, senon de que dificilmente podemos mostrar o inmenso poder que a imaxe exerce na sociedade actual cuns exemplos tan desleixados.

Malia a complexidade do contido e a que o espectáculo se desenvolve integralmente en italiano, a meirande parte do público da Mostra permaneceu atenta en todo momento e, ao final, premiou cunha grande ovación a orixinalidade e o gran traballo dos artistas.